



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070

ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboada.chivite.org

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou no DOG do venres, 12 de novembro de 2021 a ORDE do 28 de outubro de 2021 pola que se regulan **os criterios e o procedemento de distribución de máscaras** entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en centros privados concertados no curso 2021/22. Para poder acollerse ás axudas da convocatoria o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial ten que cumprir coas bases da mesma.

ALUMNADO QUE FOI BENEFICIARIO DE AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR (CHEQUE)

NON ten que presentar a solicitude (porque lle serán adxudicadas máscaras de xeito automático).

SOLICITUDES: SÓ PARA ALUMNADO QUE NON FOI BENEFICIARIO DE AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR (CHEQUE)

Ten que presentar solicitude, o alumnado que NON foi beneficiario de axuda de material escolar no curso 2021-22 que cumpra os seguintes requisitos:

1. Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000€ **que non presentou solicitude de material escolar en tempo e forma ou resultou excluída.**
2. Alumnado matriculado en educación especial.
3. Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
4. Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070

ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboadachivite.org

FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE:

Unicamente **de forma presencial no centro educativo** no que estea matriculado/a o/a alumno/a.

PRAZO

- Do 15 ao 26 de NOVEMBRO DE 2021

DOCUMENTACIÓN

a) Anexo I e II que pode atopar en:

1. Na páxina web (<http://www.iesxesustaboadachivite.org>) entrando dende a pantalla principal en SOLICITUDE MÁSCARAS. Aí poderá facer a descarga da solicitude que inclúe xa os dous ANEXOS.
2. Na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>
3. Secretaría do centro.

A entrega da SOLICITUDE-ANEXOS (ÚNICA PARA TODOS OS FILLOS MATRICULADOS NO MESMO CENTRO DOCENTE NO CURSO 21/22) SÓ SE PODE FACER NA SECRETARÍA DO CENTRO acompañando á solicitude a seguinte documentación:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figure o alumno e os demais membros da familia ou no seu defecto e de xeito excepcional certificado de convivencia ou informe dos Servizos Sociais do concello.
- En caso de separación ou divorcio, deberán presentar a correspondente senteza xudicial.
- Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
 - a) Certificado ou volante de convivencia.
 - b) Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

No caso de que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta Orde achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar

- Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070

ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboada.chivite.org

Xunta de Galicia.

- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

NON SERÁ NECESARIO ENTREGAR ESTA DOCUMENTACIÓN se xa foi presentada xunto á solicitude de material escolar do curso 2021/22.

CONSULTA DE DATOS POLA ADMINISTRACIÓN

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- A) DNI ou NIE da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.
- B) DNI ou NIE da persoa representante do/da solicitante.
- C) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na súa falta, o certificado tributario de imputacións no exercicio 2018 da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso.

Consultaránse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- D) Certificado de grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia da persoa solicitante e do resto de membros computables da unidade familiar, de ser o caso.
- E) Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ou superior ao 33% da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso).



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070

ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboadachivite.org

En todos os casos, a data de referencia é o **31 de decembro de 2019**.

No caso de que as persoas interesadas (a persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (Anexo I) e no de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar (anexo II) e achegar documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselle solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

A solicitude debe estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude.

Se queren consultar a ORDE poden facelo a través do portal web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/35621>) ou a través da web do centro (<http://www.iesxesustaboadachivite.org>)



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070

ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboada.chivite.org

CALENDARIO DE ACTUACIÓN E PROCEDIMENTO PARA A ENTREGA DE MÁSCARAS

Unha vez rematado o prazo de solicitudes, o día 1 de decembro de 2021, publicarase no taboleiro de anuncios deste centro a relación de admitidos e excluídos provisionais. No caso de exclusión na listaxe provisional poderase efectuar reclamación ante o centro nos DOUS días hábiles posteriores (2 e 3 de decembro de 2021). Esta reclamación entenderase resolta coa publicación da listaxe definitiva (o 7 de decembro).

Contra a exclusión na listaxe definitiva, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva (artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

A entrega de máscaras ao alumnado beneficiario farase **a partir da publicación da listaxe definitiva de admitidos, o día 7 de decembro de 2021.**